

A lingua como instrumento

Rexina R. Vega

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VEGA, REXINA R. (2011 [1997]). “A lingua como instrumento”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 4, 10-12. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/656>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VEGA, REXINA R. (1997). “A lingua como instrumento”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 4, 10-12.

* Edición dispoñíbel desde o 27 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



A LINGUA COMO INSTRUMENTO

Luísa Castro, poeta e novelista, é unha das voces máis consolidadas da literatura española e galega actual. Nacida en Foz, en 1966, estudia en Santiago, Madrid e Nova York e acada, desde ben nova, unha chea dos premios máis prestixiosos das letras. A súa chegada a Barcelona, cidade na que reside vai facer tres anos, coincide cunha mudanza radical da súa vida. Casada co filósofo Xavier Rubert de Ventós, e nai de dous cativos, a súa vida entra nunha nova fase de madurez e responsabilidade familiar que compaxina cun labor creativo cada vez máis firme.

-¿Cales son as principais diferencias que percibes entre a vida de Barcelona e a de Madrid?

- Madrid é unha cidade moito máis áxil, máis dinámica, máis viva, pero tamén moito máis fugaz. En Barcelona, pola contra, existen unhas estruturas culturais e sociais moito máis establecidas, menos móbiles, digamos. Quizais porque aquí hai máis cultura cívica, máis sociedade civil, mentres que Madrid é unha gran cidade pero tamén un gran caos. A capital do estado foi para min un lugar positivo, como un "rompeolas", e a miña vida alí supuxo unha etapa importante na miña formación, pero é un sitio onde é moi difícil chegar a establecerse porque todo é un mare magnum de xente que vai e vén, ninguén é de todo de alí e o mundo cultural, ó non ser un mundo de oficinas onde se vai e se ficha por unhas horas, pois tamén é un mundo moi desorganizado.

-¿Tes algunha opinión sobre a Comunidade galega en Catalunya?

Durante o tempo que estiven en Madrid as únicas actividades relacionadas coa cultura galega que eu coñecía eras as que facía a Casa de Galicia, sobre todo na última etapa, é dicir a dos últimos catro ou cinco anos. Pero isto a min non me integrou en ningún grupo, non encontrei círculos de galegos cos que poder verme, tampouco os procurei pero aquí, en Barcelona, a integración prodúcese de xeito natural. A pouco que vaías á Universidade aí está a Cátedra de Galego-portugués, a licenciatura de galego... De feito para min é un pouco como estar aquí sen renunciar de todo ó que puidese ser, por exemplo, a miña vida en Santiago, que era a cidade onde, en principio, eu sempre imaxinei que viviría. Non é exactamente o mesmo pero, vaia, aquí hai un grupo de xente que ou dá clases de galego, ou está estudiando galego ou prepara conferencias e organiza lecturas. Todo este mundo conéctame co ámbito

ó que pertencía, ou ó que considero que pertenzo. En Madrid isto non existía ou, polo menos, eu non dei con el.

- Agora mesmo estás a publicar un artigo semanal en varios xornais galegos como "El Progreso" ou "La Región". Despois de máis de dez anos colaborando co suplemento cultural do "ABC" ¿como vives ese cambio de lingua na escrita xornalística?

-Escribir en galego revitalízame, é unha relación coa lingua e ata co que escribes moito máis directa, moito máis fresca.

-Sen embargo ti empezaches a escribir en castelán.

-Non eu empecei a escribir en galego. Comecei a publicar en castelán, que é diferente. Cando eu publiquei o primeiro libro, en 1980, levaba xa moito tempo escribindo. Non se publica o primeiro que se escribe, polo menos eu non o fixen. Eu levaba escribindo en galego desde que tiña trece ou catorce anos.

-Pero un escritor non é o mesmo en dúas linguas.

-Non, eu non o creo, eu non participo nada das teorías aplicadas de modo xeral a todo o mundo. Eu penso que cada escritor é un mundo e que non hai unha teoría da literatura que poida abranguer todas as obras escritas. Imposible porque eu sinto que son unha escritora na que a lingua é un instrumento, un formalismo. ¿Que me poida dar moita vida escribir en galego? si, pero ¿que podo facelo en castelán igualmente? tamén.

Eu non noto, cando escribo poesía en castelán, que me estea pasando a un código alleo a min. Eu son galego falante desde pequena, foi a lingua na que aprendín a falar e a escribir, pero

o castelán, para min como para a maioría de nós, non me resulta alleo en absoluto, é unha segunda lingua. O castelán é tan meu como o galego. Non noto ningunha diferenza á hora de escribir poesía en castelán ou en galego.

- Non obstante antes sinalaches unha diferenza, unha sensación de frescura ó empregar o galego.

-Non vexo a relación entre lingua e poesía. Escribindo para xornais si porque interveñen outros factores. É unha literatura do día, escribes para un auditorio e pretendes unha reacción a curto prazo. A poesía non a fago para que ninguén reaccione, fágoa para min e desde min, non teño un lector hipotético ó que agradar ou ó que convencer.

-Factores como a musicalidade do idioma ¿non inflúen na túa práctica poética?

-Eu cando escribo poemas en galego teño que facer un esforzo moi grande por non me deixar atrapar polo poder da lingua que é algo que a min non me interesa como escritora. Non me interesa facer un derroche de poder verbal. O meu traballo é máis de relación entre os significados das palabras. Non ten nada que ver coa musicalidade nin coa forma das palabras.

- No panorama das letras españolas actuais triunfa o modelo da "poesía da experiencia". ¿Como te defines en relación a este modelo?

-A min paréceme un pouco unha tontería. É unha corrente, unha

moda que non e de agora, que vén desde Machado e mesmo de moito máis atrás. Desde os gregos e os latinos existen os iluminados, digamos, e os materialistas, por poñerlles unha palabra de hoxe. É dicir os que escriben sobre o que pasa e os que escriben sobre figuracións e especulacións. No meu caso sempre vou oscilando entre estes dous mundos. Oscilo con moita frecuencia entre o territorio máis concreto e material, ou da



experiencia, como se queira dicir e o territorio máis especulativo ou abstracto. E fágoo con bastante naturalidade, non é que me exercite nun estilo ou noutro.

- Estás a piques de publicar un novo libro de poemas na editorial Hiperión. ¿Cal é o seu título?

-Case sempre os títulos dos meus libros proceden dun verso ou

dunha parte dun poema que me é especialmente querida e, por tanto, teñen un punto de arbitrariedade, é dicir son títulos que non teñen un significado contundente. Sen embargo neste caso o título *De mi haré una estatua ecuestre*, pódese ler en determinada clave. O verso provén dun poema, en galego, que di: *"De min farei unha estatua ecuestre e de ti o meu pedestal, sempre a piques de matarme sobre as dúas patas tra-seiras."* O poema é un pouco unha autoparodia do eu poético que constrúe o edificio en honor ó poeta, á súa sentimentalidade.

- En De mi haré una estatua ecuestre figuran unha serie de poemas en galego ¿por que?

-Cando eu tiven o que é o grosor dun libro púxenme en contacto coa miña editorial. De repente atopeime nesa colección de poemas con sete ou oito composicións en galego, poemas que eu escribín en galego pola circunstancia que sexa, porque estaba en Galicia ou porque me apeteceu facelo, algo que non ocorre a miúdo porque eu non escribo para publicar en galego. É así, é onde eu estou instalada, é a miña opción. Entón, dicía, ó decatarme desta presenza, a miña primeira actitude foi traducilos ó castelán. Malia a rabia que me daba, porque estes poemas, para min os mellores do libro, perdían moito ó pasalos a outra lingua, fixen a tradución. Sen embargo, comentando o caso cun poeta catalán, este díxome por que no os deixaba así, na súa lingua orixinal. A miña resposta foi que non o facía por pura limpeza

visual, por non facer innecesariamente dobretes do tipo ¡agora galego!, ¡agora castelán!, algo que me parece horripilante. Odio vivir nun mundo bilingüe, trilingüe no que cada vez que dis unha cousa precisas dicila en tres idiomas. O meu amigo díxome que iso non influía tanto e que o lector de poesía é un lector que gusta das versións orixinais. Tiña razón. O que pasa e que eu sempre, e iso que escribo poesía que é unha cousa rara, penso que escribo para o público do Corte Inglés. En resumo, púxenme en contacto co meu editor e díxome que si, que adiante, o poemario saíría con poemas en galego e en castelán. Quero aclarar que non é un acto simbólico o que fago senón un xesto que axude a sumar, non a restar.

- Dentro da túa faceta como guionista es autora dun proxecto para a Televisión de Galicia.

Fixen o proxecto dunha serie para a Televisión Galega que se está agora empezando a escribir e producir. O título provisional é "O autobús dos corazóns solitarios".

- ¿Como enxergas o traballo de guionista, como un labor alimenticio ou como outra disciplina creativa?

É un traballo moi suxestivo pero que require moita dedicación. A min gustárame facer isto pero realmente se che interesa escribir, novela, por exemplo, que é o meu caso, é imposible.

- Dalgunha maneira ¿tiras proveito da túa experiencia como guionista á hora de abordar a creación literaria?

Si que se aprende moito do mundo do guión, sobre todo no que se refire a estratexias narrativas. No meu caso ó ser unha persoa que me forxei na poesía, noto un gran salto entre esta e a novela.

A disciplina do guión axúdame na miña tarefa de novelista xa que me decato de que a novela non se pode encher só de intuicións, de ideas. É dicir pódese facer unha novela de ideas pero a novela que eu quero facer é unha novela entretida, que conta historias.

- É curioso o que me dis, xa que as túas dúas novelas, El Somier e La Fiebre Amarilla, poden destacar polo seu carácter intimista, poético e, mesmo, por certa experimentación formal.

-As miñas dúas novelas son novelas fallidas. Estou moi contenta con elas, pero son consciente que non era quen de facer algo máis alá. Nun sentido estas novelas son testemuño das miñas limitacións, non son produtos acabados.

- Sen embargo, o camiño da experimentación é unha vía perfectamente lexítima en literatura.

Non me interesa a novela sen poética e sen visión do mundo, pero tampouco me interesa unha novela cunha poética moi clara e cunhas ideas máis ou menos contundentes sen unha boa historia. Eu sei que a través do concreto e das historias teño que saber contar as metáforas. Non me interesan novelas poéticas senón novelas con poéticas detrás.

- ¿Consideras interesante a relación cine-literatura?

Non me gustan os prestamos duns xéneros a outros. Así como non me gustan as novelas poéticas tampouco me gustan as novelas cinematográficas. Gustárame facer unha novela que non xogase cos xéneros, neste sentido son moi "puritana".

- Coa súa última novela Una comedia ligera, Eduardo Mendoza di publicamente que deixa o oficio de novelista.

Segundo el a literatura, entendida como divertimento, como recreación dun mundo de ficción e peripecias, non ten xa sentido nunha época na que predomina o audiovisual. ¿Estás de acordo con esta opción?

- Non, o cine, unha película e unha novela son tan diferentes... O cine é unha historia contada en imaxes, unha historia que non pode durar máis de dúas horas. En dúas horas de lectura ti les, se vas moi rápido, cincuenta páxinas. O cine ten unha limitación de plano, espacial, vanche contando a historia nunha parede. Cando ti les, estás poñendo a funcionar uns mecanismos tan ancestrais..., un código tan antigo de referencias e autorreferencias da propia linguaxe... A escrita forma parte do noso pensamento, da nosa civilización e non se pode renunciar a iso.

- Sen embargo, estamos condenados a unha presenza maioritaria do audiovisual na nosa cultura. ¿Non pode o cine influír dalgún xeito na literatura?

- Máis ben é o cine o que bebe da literatura. O que pasa co cine é que se está independizando e desde hai máis de dez anos, o último cine que vemos, o de Tarantino ou así, parece como se inaugurase a era da cinematografía estricta, desvencellada do discurso lineal narrativo. Sen embargo, se te fixas, as películas de Tarantino teñen bastante que ver coas novelas de Cabalería. Hai unhas connotacións co mundo da aventura. Ó final ti podes reducir o cine á categorías literarias ou narrativas. O que é imposible é reducir a literatura a termos cinematográficos.

**Entrevista con
LUISA CASTRO
por Rexina R. Vega**